



Tratamento farmacolóxico para deixar de fumar

Como utilizar o parche de nicotina



Plan de atención sanitaria ao tabaquismo en Galicia



O PARCHE DE NICOTINA é un medicamento de grande axuda para deixar de fumar. Non suprime totalmente as ganas de fumar, pero fainas menos intensas e máis facilmente controlables.

O parche **libera a nicotina de forma uniforme e continua** durante 16 ou 24 horas. O tipo de parche, as doses e a duración do tratamento dependerán das características de cada fumador e deberán ser establecidas **unicamente** polo seu terapeuta.

Cada parche contén a cantidade suficiente de nicotina para reducir a intensidade, e incluso evitar, a aparición dos síntomas de abstinencia. **PARA MÁIS INFORMACIÓN**, CONSULTE CO SEU TERAPEUTA OU O PROSPECTO DO MEDICAMENTO

¿COMO SE UTILIZA?

Cando inicie o tratamento, debe cesar por completo o consumo de tabaco.

Extraia o parche do sobre e retire a lámina protectora. Ventíleo uns 15 segundos antes de colocalo, evitará que lle pique.

Apliqueo sobre unha zona de pel sa, sen pelo (brazo, lombo, omoplatas...) limpa, seca e que non teña graxa. Cambie de zona cada día.

Para garantir a adherencia do parche, aperte sobre a súa superficie, durante uns segundos.

Nunca debe cortar un parche. Teña coidado de non o romper cando o abra. Se isto ocorre, débese tirar e substituír por outro novo.

Pódese bañar, duchar e realizar calquera actividade física co parche posto.

Se utiliza un parche de 16 horas, retíreo no momento de deitarse. Acostúmese a poñer o parche á mesma hora, preferentemente cando se levanta.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública



**SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE**

Servizo Galego
de Saúde

Secretaría Xeral
Servizo Galego de Saúde

Información divulgativa

EFFECTOS SECUNDARIOS

A tolerancia local do parche é boa, aínda que se pode observar avermellamento da pel, con ou sen comechón. Se isto ocorre e persiste, ou se aparece inchazo, incluso despois de aplicar o parche en diferentes zonas da pel, podería ser necesario suspender o tratamento.